



XUNTA  
DE GALICIA



Fondo Social Europeo  
Iniciativa de Empleo Juvenil  
O FSE inviste no teu futuro



Concello de  
Camariñas  
A Coruña



Concello  
de MUXÍA



PROGRAMAS DE  
EMPREGO DE GALICIA

galicia

## PROGRAMA DE EMPREGO "XUVENTUDE POLO EMPREGO"

Nome do Programa: Xuventude polo Emprego

Especialidades: IFCD0210 "Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web"

MAMS0108 "Instalación de elementos de carpintería"

Data de inicio: 15/09/2020

Data de finalización: 14/09/2021

Entidade promotora: Concello de Vimianzo

Concellos asociados: Concello de Camariñas e Concello de Muxía

Subvencionado por: Fondo Social Europeo e a Iniciativa de Empleo Juvenil, nun 91,89% con cargo ao Programa Operativo de Empleo Juvenil 2014 - 2020. O financiamento restante é con cargo á Xunta de Galicia. O importe da subvención concedida son 369.492,32 €.

### RESUMO:

O Programa de emprego *Xuventude polo Emprego* é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional dos mozos e mozas incluídos no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil.

Como obxectivo temático enmarcado dentro do Programa Operativo de Empleo Juvenil 2014-2020, sinálase en particular **OT8. "Conseguir formación e un emprego de calidade"**.

O Programa ten unha duración de 12 meses e está composto por 16 alumnos/as - traballadores/as, unha titora, dous docentes (un por cada especialidade formativa), e unha directora.

A formación recibida no Programa de emprego *Xuventude polo Emprego* vai dirixida á obtención dun certificado de profesionalidade de nivel 2 no caso de "Instalación de elementos de carpintería", e de nivel 3 no caso de "Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web". Hai 8 alumnos/as - traballadores/as por cada especialidade formativa.

O alumnado/traballador tamén recibe formación complementaria en diversas materias, como son:

- Alfabetización Informática
- Sensibilización Ambiental



- Sensibilización en Igualdade de Xénero
- Prevención de Riscos Laborais
- Orientación, información profesional, formación empresarial e asesoramento.
- Educación básica (para o alumnado participante que non acadase os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria)

Actuacións que se van a realizar:

1. Desenvolvemento de aplicacións web para asociacións (IFCD0210)
2. Ferramenta para bolsa de emprego municipal (IFCD0210)
3. Ferramenta de xestión de arquivo audiovisual municipal (IFCD0210)
4. Ferramenta de xestión de axenda de eventos do territorio (IFCD0210)
5. Desenvolvemento de aplicacións para áreas de turismo dos concellos (IFCD0210)
6. Montaxe de casetas multifuncionais (MAMS0108)
7. Mantementos e mobiliario en Escola de Reboredo (MAMS0108)
8. Mantementos e mobiliario en Escola de Señoráns e arredores (MAMS0108)
9. Mantementos e mobiliario urbano en Vimianzo (MAMS0108)
10. Fachada da Biblioteca Municipal (MAMS0108)
11. Mantemento e melloras de chans e paramentos de madeira das oficinas da Casa de Pedra (MAMS0108)
12. Mantemento e mellora de elementos de madeira da área fluvial do Río Negro (MAMS0108)

O alumnado/traballador será contratado ao inicio do Programa a través dun contrato para a formación e a aprendizaxe, mediante o cal, o alumnado/traballador adquirirá experiencia laboral a través da realización de obras ou prestación de servizos de utilidade pública ou interese social no municipio.

A formación en alternancia co emprego lévase a cabo nas instalacións da Casa da Cultura de Vimianzo e na Escola de Señoráns do mesmo concello.

A este proxecto foille outorgada unha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria e enmárcase dentro do Programa Operativo de Emprego Xuvenil, cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, nunha porcentaxe do 91,89% . Os Concellos de Vimianzo, Camariñas e Muxía destinan tamén unha partida orzamentaria a este proxecto.